Probas de acceso a ciclos formativos de grao medio

# Ciencias da natureza

CMPC001

Parte científico-técnica

# 1. Formato da proba

## Formato

- A proba constará de vinte cuestións tipo test.
- As cuestións tipo test teñen tres posibles respostas das que soamente unha é correcta.

## Puntuación

- 0,50 puntos por cuestión tipo test correctamente contestada.
- Cada cuestión tipo test incorrecta restará 0,10 puntos.
- Polas respostas en branco non se descontará puntuación.
- No caso de marcar máis dunha resposta por pregunta considerarase como unha resposta en branco.

## Materiais e instrumentos que se poden empregar durante a proba

- Bolígrafo con tinta negra ou azul.

## Duración

- Este exercicio terá unha duración máxima de 60 minutos.

# 2. Exercicio

## 1. Entre as fontes de enerxía renovables podemos citar:

*Entre las fuentes de energía renovables podemos citar:*

**A** Solar, nuclear e hidráulica.
*Solar, nuclear e hidráulica.*

**B** Hidráulica, solar e eólica.
*Hidráulica, solar y eólica.*

**C** Petróleo, gas natural e nuclear.
*Petróleo, gas natural y nuclear.*

## 2. A enerxía solar pode ser utilizada como fonte de calor e tamén para producir electricidade directamente. Como se chama este último tipo de enerxía?

*La energía solar puede ser utilizada como fuente de calor y también para producir electricidad directamente. ¿Cómo se llama este último tipo de energía?*

**A** Solar fotovoltaica.

**B** Solar termoeléctrica.

**C** Solar electrolítica.

## 3. Nunha central hidroeléctrica a enerxía da auga almacenada no embalse transfórmase na enerxía necesaria para mover o rotor dun xerador e así transformarse en enerxía eléctrica. Que tipo de enerxía ten a auga almacenada no embalse?

*En una central hidroeléctrica la energía del agua almacenada en el embalse se transforma en la energía necesaria para mover el rotor de un generador y así transformarse en energía eléctrica. ¿Qué tipo de energía tiene el agua almacenada en el embalse?*

**A** Mecánica.

**B** Cinética.

**C** Potencial.

## 4. Cal dos seguintes gases é o principal responsable do incremento do efecto invernadoiro e, polo tanto, do quecemento global?

*¿Cuál de los siguientes gases es el principal responsable del aumento del efecto invernadero y, por lo tanto, del calentamiento global?*

**A** O nitróxeno.
*El nitrógeno.*

**B** O dióxido de carbono.
*El dióxido de carbono.*

**C** O dióxido de xofre.
*El dióxido de azufre.*

## 5. A enerxía renovable que se obtén mediante o aproveitamento da calor interna da Terra denomínase:

*La energía renovable que se obtiene mediante el aprovechamiento del calor interno de la Tierra se denomina:*

**A** Xeotérmica.
*Geotérmica.*

**B** Litolóxica.
*Litológica.*

**C** Cinética.

**6.** Ao referírmonos a un corpo como "quente" queremos dicir que:

*Al referirnos a un cuerpo como "caliente" queremos decir que:*

**A** A axitación interna das súas partículas é alta e a súa temperatura é baixa.
*La agitación interna de sus partículas es alta y su temperatura es baja.*

**B** A axitación interna das súas partículas é alta e a súa temperatura é alta.
*La agitación interna de sus partículas es alta y su temperatura es alta.*

**C** A axitación interna das súas partículas é baixa e a súa temperatura é alta.
*La agitación interna de sus partículas es baja y su temperatura es alta.*

**7.** A calor específica da auga é 1 cal/(g·°C) e a do alcohol 0,58 cal/(g·°C). Ao subministrar a mesma cantidade de calor á mesma cantidade de alcohol e de auga, cal experimenta o maior cambio de temperatura?

*El calor específico del agua es 1 cal/(g·°C) y el del alcohol 0,58 cal/(g·°C). Al suministrar la misma cantidad de calor a la misma cantidad de alcohol y de agua, ¿cuál experimenta el mayor cambio de temperatura?*

**A** O alcohol.
*El alcohol.*

**B** A auga.
*El agua.*

**C** Os dous experimentan o mesmo cambio.
*Los dos experimentan el mismo cambio.*

**8.** Os tres mecanismos de transferencia de enerxía en forma de calor entre distintos corpos, ou entre diferentes partes dun mesmo corpo que están a distinta temperatura, son convección, radiación ou condución. Indique cal das respostas é a verdadeira:

*Los tres mecanismos de transferencia de energía en forma de calor entre distintos cuerpos, o entre diferentes partes de un mismo cuerpo que están a distinta temperatura, son convección, radiación o conducción. Indique cuál de las respuestas es la verdadera:*

**A** Nos líquidos a calor propágase por convección.
*En los líquidos el calor se propaga por convección.*

**B** Nos sólidos a calor propágase por radiación.
*En los sólidos el calor se propaga por radiación.*

**C** Nos líquidos a calor propágase por radiación.
*En los líquidos el calor se propaga por radiación.*

**9.** Cal é o estado físico dunha substancia que a súa temperatura é 6 °C se o seu punto de fusión é 10 °C e o punto de ebulición 80 °C?

*¿Cuál es el estado físico de una sustancia cuya temperatura es 6 °C si su punto de fusión es 10 °C y el punto de ebullición 80 °C?*

**A** Sólido.
**B** Líquido.
**C** Gasoso.
*Gaseoso.*

**10.** A calor e a temperatura son dúas magnitudes distintas. O termo "calor" refírese a:

*El calor y la temperatura son dos magnitudes distintas. El término "calor" se refiere a:*

**A** O valor medio da enerxía cinética das partículas dun corpo.
*El valor medio de la energía cinética de las partículas de un cuerpo.*

**B** A suma das enerxías de todas as partículas que compoñen un corpo.
*La suma de las energías de todas las partículas que componen un cuerpo.*

**C** A enerxía que subministramos ou que recibimos dun corpo nos procesos en que este varía a súa enerxía interna.
*La energía que suministramos o que recibimos de un cuerpo en los procesos en que este varía su energía interna.*

## 11. Cal é a función dos glóbulos brancos?

*¿Cuál es la función de los glóbulos blancos?*

**A** A defensa do organismo.
*La defensa del organismo.*

**B** A coagulación do sangue.
*La coagulación de la sangre.*

**C** O transporte de osíxeno.
*El transporte de oxígeno.*

## 12. A sífilis é unha doenza de transmisión sexual transmitida por:

*La sífilis es una enfermedad de transmisión sexual transmitida por:*

**A** Un fungo.
*Un hongo.*

**B** Un virus.
*Un virus.*

**C** Unha bacteria.
*Una bacteria.*

## 13. Os medicamentos que poden combater ou curar o tétanos ou a salmonelose son:

*Los medicamentos que pueden combatir o curar el tétanos o la salmonelosis son:*

**A** Os antivirais.
*Los antivirales.*

**B** Os antibióticos.
*Los antibióticos.*

**C** Os antifúnxicos.
*Los antifúngicos.*

## 14. Ante un proceso gripal, cal dos seguintes tratamentos considera que é o máis axeitado?

*Ante un proceso gripal, ¿cuál de los siguientes tratamientos considera que es el más adecuado?*

**A** Vacinarse o antes posible, para evitar que se volva a repetir.
*Vacunarse lo antes posible, para evitar que se vuelva a repetir.*

**B** Tomar antibióticos e eliminar así totalmente o virus.
*Tomar antibióticos y eliminar así totalmente el virus.*

**C** Non tomar medicamentos, a non ser para aliviar os síntomas.
*No tomar medicamentos, a no ser para aliviar los síntomas.*

## 15. Cal das seguintes afirmacións é verdadeira, en relación á presenza de bacterias no corpo humano?

*¿Cuál de las siguientes afirmaciones es verdadera, en relación a la presencia de bacterias en el cuerpo humano?*

**A** Nun corpo san non debería haber bacterias.
*En un cuerpo sano no debería haber bacterias.*

**B** No noso corpo temos numerosas especies de bacterias beneficiosas.
*En nuestro cuerpo tenemos numerosas especies de bacterias beneficiosas.*

**C** Todas as bacterias presentes no corpo humano son prexudiciais.
*Todas las bacterias presentes en el cuerpo humano son perjudiciales.*

**16.** Que queremos dicir ao afirmar que os animais teñen nutrición heterótrofa?

*¿Qué queremos decir al afirmar que los animales tienen nutrición heterótrofa?*

**A** Son capaces de sintetizar materia orgánica a partir de materia inorgánica que toman do medio.

*Son capaces de sintetizar materia orgánica a partir de materia inorgánica que toman del medio.*

**B** Dependendo do medio no que habiten, teñen diferentes tipos de nutrición.

*Dependiendo del medio en el que habiten, tienen diferentes tipos de nutrición.*

**C** Non son capaces de sintetizar materia orgánica a partir da materia inorgánica, polo que toman a materia orgánica do medio.

*No son capaces de sintetizar materia orgánica a partir da materia inorgánica, por lo que toman la materia orgánica del medio.*

**17.** Como se denomina a función dos organismos encargada de eliminar os refugallos producidos pola actividade celular?

*¿Cómo se denomina la función de los organismos encargada de eliminar los residuos producidos por la actividad celular?*

**A** Excreción.

**B** Exestión.

*Egestión.*

**C** Secreción.

**18.** Como se chaman os vasos sanguíneos polos que sae o sangue do corazón en dirección a diferentes partes do corpo?

*¿Cómo se llaman los vasos sanguíneos por los que sale la sangre del corazón en dirección a diferentes partes del cuerpo?*

**A** As arterias.

*Las arterias.*

**B** Os capilares.

*Los capilares.*

**C** As veas.

*Las venas.*

**19.** En que reinos se poderían incluír os organismos pluricelulares con nutrición autótrofa?

*¿En qué reinos se podrían incluir los organismos pluricelulares con nutrición autótrofa?*

**A** Animal ou protoctista.

*Animal o protoctista.*

**B** Plantas ou protoctista.

*Plantas o protoctista.*

**C** Moneras ou fungos.

*Moneras u hongos.*

**20.** Cantos cromosomas sexuais ten unha célula do fígado no ser humano?

*¿Cuántos cromosomas sexuales tiene una célula del hígado en el ser humano?*

**A** Un.
*Uno.*

**B** Dous.
*Dos.*

**C** Non ten cromosomas sexuais.
*No tiene cromosomas sexuales.*

## 3. Solución para as preguntas tipo test

| Nº | A | B | C | |
|---|---|---|---|---|
| 1 | | X | | |
| 2 | X | | | |
| 3 | | | X | |
| 4 | | X | | |
| 5 | X | | | |
| 6 | | X | | |
| 7 | X | | | |
| 8 | X | | | |
| 9 | X | | | |
| 10 | | | X | |
| 11 | X | | | |
| 12 | | | X | |
| 13 | | X | | |
| 14 | | | X | |
| 15 | | X | | |
| 16 | | | X | |
| 17 | X | | | |
| 18 | X | | | |
| 19 | | X | | |
| 20 | | X | | |

| | |
|---|---|
| N.º de respostas correctas (C) | |
| N.º de respostas incorrectas (Z) | |
| Puntuación do test= C×0,5-Z×0,10 | |

**Nas preguntas de test, por cada resposta incorrecta descontaranse 0,10 puntos.**
**As respostas en branco non descontarán puntuación.**